



«Na Coruña pasei os últimos anos da miña nenez e os primeiros da mocidade. Non volvíñ por alí, pero sabe vostede o cariño que lle conservo a aquela terra, que me parece belísima no recordo. Mire, mire: aquí teño postais da Coruña: os Cantóns, o Recheo, o Xardín de San Carlos, a Torre de Hércules, o Instituto Da Guarda onde estudei o meu bacharelato»
PICASSO

A exposición **O PRIMEIRO PICASSO A CORUÑA 2015** que presenta o Museo de Belas Artes, é unha oportunidade única para que o alumnado se achegue á etapa coruñesa de Picasso. O período que pasou na cidade herculina, entre 1891 e 1895, foi crucial na súa formación como artista, e tamén na súa traxectoria vital, como paso da nenez á adolescencia. Na mostra poderemos observar os seus primeiros debuxos e cadros, a evolución da súa técnica e a influencia dos mestres que tivo na cidade, así como coñecer algún dos temas que retomaría ao longo da súa dilatada produción artística. Ademais, diferentes documentos, fotografías e obxectos permitirannos contemplar cómo era A Coruña da época.

VISITAS ESCOLARES

Enfocada a grupos de:

5º e 6º de Primaria

1º a 4º da ESO

1º e 2º de Bacharelato

Do 24 de febreiro ao 22 de maio de 2015

De martes a venres de 10 a 13 h

A visita ten unha duración aproximada de 1 h

Os grupos terán un máximo de 30 alumnos

A actividade é gratuíta

Para reservar unha visita:

Tlf. 881 881 700 (De luns a venres de 9 a 15 h)

mu.belas.artes.difusion@xunta.es

A través da web do museo (<http://museobelasartescoruna.xunta.es/>)

ÍNDICE

5º, 6º PRIMARIA.....	3
1º, 2º, 3º ESO.....	5
4º ESO.....	7
BACHARELATO.....	9
UN PICASSO CORUÑÉS.....	11
PABLO PICASSO, ETAPAS ARTÍSTICAS.....	15
PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	19
- Descubrir.....	19
- Investigar.....	20
- Crear.....	22

5º E 6º DE PRIMARIA

PRESENTACIÓN

Picasso foi un artista cun gran talento que se fixo evidente desde a infancia. Aquel cativo chegado coa familia desde Málaga á Coruña cando tiña once anos, viviu na nosa cidade un tempo crucial, o paso da nenez á adolescencia. A Coruña foi o escenario privilexiado destes anos claves para a súa posterior traxectoria, tempos de formación e de vivencias persoais que marcaron a súa personalidade e que, en certa medida, reflíctense na súa obra posterior. Esta exposición invítanos a descubrir a vida e obra daquel neno que soñaba con ser artista.

CLAVES

- Pablo Picasso é un dos artistas máis importantes da historia, un dos principais protagonistas do gran cambio que se produciu no mundo das artes no século XX.
- Pablo Picasso viviu catro anos da súa nenez e xuventude na Coruña, dos 9 ao 13 anos (1891-1895). Esta etapa foi crucial na súa formación artística e humana, e deixou una importante pegada na súa obra posterior.
- A Coruña é unha cidade cun forte legado histórico. Consideramos que é moi interesante para o alumnado coñecer como era a cidade que Picasso viviu, e como era a vida cotiá da súa familia.

OBXECTIVOS

- Presentar ao alumnado dos diferentes niveis educativos a etapa coruñesa de Pablo Picasso, un dos artistas máis importantes da historia da arte.
- Subliñar a importancia que tivo na traxectoria artística de Picasso a súa etapa de formación na Coruña.
- Amosar como era a vida cotiá na Coruña de Picasso, para a propia familia e tamén para o resto de cidadáns.
- Coñecer os debuxos e pinturas máis importantes e significativas da primeira etapa creativa de Picasso.
- Descubrir os escenarios e personaxes que rodearon a etapa coruñesa de Picasso, observando os cambios e a tamén os elementos de continuidade na cidade.
- Estimular a creatividade do alumnado, animándoos a que gocen do mundo das artes, observando as obras dos grandes mestres e desenvolvendo a súa creatividade.
- Animar aos nenos e nenas a coñecer máis polo miúdo a figura e traxectoria artística de Pablo Picasso, alén de coñecer a etapa coruñesa.
- Destacar o labor educativo do museo, como centro cultural que dá a coñecer e pon en valor a traxectoria e a obra dos artistas.

DESENVOLVEMENTO DA VISITA

A visita comeza cunha breve presentación de Picasso, mediante unha de preguntas que nos axudan a descubrir ao personaxe e tamén algunhas das razóns que o converten nun dos grandes artistas universais.

De seguido, pasamos a coñecer os motivos da instalación da familia Ruiz Picasso na Coruña e como era a súa vida na cidade: familia, escola, amigos, espazos urbanos... Unha morea de documentos (fotografías, planos, etc.) amósannos como era a Coruña de Picasso.

Durante o percorrido didáctico veremos como foi o proceso a partir do cal o neno Picasso decidiu facerse artista, e observaremos moitas das súas primeiras obras de arte. Ademais, comprobaremos como moitos dos seus temas predilectos estaban xa presentes nas súas primeiras pinturas (animais, retratos, paisaxes...), e veremos o contraste entre a súa pintura de neno (académica) e a que fará con posterioridade (absolutamente libre).

Durante o percorrido, faremos un pequeno exercicio de debuxo, emulando ao Picasso neno, que tanta paixón sentía por debuxar todo o que o rodeaba.

1º, 2º, 3º ESO

PRESENTACIÓN

A través desta exposición, achegámonos a unha etapa crucial na vida de Picasso, os anos que viviu na Coruña. Picasso chegou á nosa cidade aos 9 anos, e saíu aos 13 convencido que ía a dedicar a súa vida á arte. Durante esta etapa coruñesa, Picasso fíxose artista. Conseguiu grazas ao seu talento e interese, e tamén aos mestres que aquí atopou, empezando polo seu pai, e seguindo por un grupo de artistas e profesores galegos que daban clase na Escola de Belas Artes da cidade.

Nos cadros e debuxos do Picasso coruñés, descubriremos moitas das claves da súa produción artística posterior, e moitas obras de xuventude que fan referencia á nosa cidade.

CLAVES

- Pablo Picasso é un dos artistas máis importantes da historia, un dos principais protagonistas do gran cambio que se produciu no mundo das artes no século XX.
- Pablo Picasso viviu catro anos da súa nenez e xuventude na Coruña, dos 9 ao 13 anos (1891-1895). Esta etapa foi crucial na súa formación artística e humana, e deixou una importante pegada na súa obra posterior.
- Na adolescencia, Picasso traballou arreo para facer realidade o seu soño. Tiña un gran talento, mais a motivación e o traballo foron os que lle axudaron a seguir a súa vocación e a acadar o éxito.

OBXECTIVOS

- Presentar ao alumnado dos diferentes niveis educativos a etapa coruñesa de Pablo Picasso, un dos artistas máis importantes da historia da arte.
- Subliñar a importancia que tivo na traxectoria artística de Picasso a súa etapa de formación na Coruña.
- Coñecer os debuxos e pinturas máis importantes e significativas da primeira etapa creativa de Picasso.
- Estimular a creatividade do alumnado, animándoos a que gocen do mundo das artes, observando as obras dos grandes mestres e desenvolvendo a súa creatividade.
- Animar aos alumnos e alumnas a coñecer máis polo miúdo a figura e traxectoria artística de Pablo Picasso, alén de coñecer a etapa coruñesa.
- Abrir diversos vieiros creativos nas artes plásticas partindo da figura e da obra de Pablo Picasso.
- Descubrir diversas técnicas e procedementos artísticos utilizados polo artista na súa etapa coruñesa e máis adiante: debuxo, pintura, gravado, pintura mural, *collage*, modelado, ensamblaxe, etc.

- Atopar a inspiración nas creacións dun dos máis grandes artistas da arte contemporánea.
- Amosar como era a vida cotiá na Coruña de Picasso, para a propia familia e tamén para o resto de cidadáns.
- Destacar o labor educativo do museo , como centro cultural que dá a coñecer e poñendo en valor a traxectoria e a obra dos artistas.

DESENVOLVEMENTO DA VISITA

A visita comeza cunha breve presentación de Picasso, mediante unha serie de preguntas que nos axudan a descubrir ao personaxe e tamén algunhas das razóns que o converten nun dos grandes artistas universais.

De seguido, pasamos a coñecer os motivos da instalación da familia Ruiz Picasso na Coruña e como era a súa vida na cidade: familia, escola, amigos, espazos urbanos... Unha morea de documentos (fotografías, planos, etc.) amósannos como era a Coruña de Picasso.

Durante o percorrido didáctico, veremos como foi o proceso a partir do cal o neno Picasso decidiu facerse artista, e observaremos moitas das súas primeiras obras de arte. Na exposición, o alumnado poderá gozar de diferentes pezas de Picasso realizadas na Coruña, e tamén de varias obras posteriores que gardan relación co período coruñés. Ademais, contextualízase a exposición con outros cadros de artistas galegos contemporáneos e diversa documentación sobre o Picasso coruñés, e a vida na cidade a finais do XIX.

As pombas, os touros, os xornais, a guerra, a paisaxe, os álbums, o amor, a morte, os retratos as caricaturas... Moitos dos elementos que configuran o universo artístico de Picasso están presentes nesta exposición que nos narra esta etapa crucial da vida do xenio malagueño.

Ademais, nunha etapa do percorrido, faremos un pequeno exercicio de debuxo, emulando ao Picasso neno, que tanta paixón sentía por representar todo o que o rodeaba.

4º ESO

PRESENTACIÓN

Picasso é unha das grandes figuras universais da historia da arte. Esta exposición achéganos a unha etapa crucial na súa vida, os anos que viviu na Coruña. Picasso chegou á nosa cidade aos 9 anos, e saíu aos 13 convencido que ía a dedicar a súa vida á arte. Durante este tempo, Picasso fíxose artista. Consequino grazas ao seu talento e interese, e tamén aos mestres que aquí atopou, comezando polo seu pai e seguindo por un grupo de artistas e profesores galegos que daban clase na Escola de Belas Artes da cidade.

Nos cadros e debuxos do Picasso coruñés descubriremos moitas das claves da súa produción artística posterior, e moitas obras de xuventude que fan referencia á nosa cidade. Por outra banda, a exposición preséntanos tamén unha perspectiva da Coruña do XIX, que nos permite achegarnos á vida urbana na Galicia da época, que forneceu de experiencias e exemplos a aquel rapaz malagueño que soñaba con ser artista.

CLAVES

- Pablo Picasso é un dos artistas máis importantes da historia, un dos principais protagonistas do gran cambio que se produciu no mundo das artes no século XX.
- Pablo Picasso viviu catro anos da súa nenez e xuventude na Coruña, dos 9 ao 13 anos (1891-1895). Esta etapa foi crucial na súa formación artística e humana, e deixou una importante pegada na súa obra posterior.
- A exposición preséntanos como era a vida cotiá na Coruña do século XIX e permítenos descubrir os profundos cambios acontecidos desde aquel tempo e tamén os elementos de continuidade e a configuración da cidade moderna.
- Na adolescencia, Picasso traballou arreo para facer realidade o seu soño. Tiña un gran talento. Mais a motivación e o traballo foron os que lle axudaron a seguir a súa vocación e a acadar o éxito.

OBXECTIVOS

- Presentar ao alumnado dos diferentes niveis educativos a etapa coruñesa de Pablo Picasso, un dos artistas sobranceiros da historia da arte
- Subliñar a importancia que tivo na traxectoria artística de Picasso a súa etapa de formación na Coruña.
- Coñecer os debuxos e pinturas máis importantes e significativas da primeira etapa creativa de Picasso.
- Amosar como era a vida cotiá na Coruña de Picasso, tendo en conta o contexto económico, social, político e cultural da España e da Galicia de finais do XIX (restauración Borbónica)

- Animar ao alumnado a investigar sobre a figura e traxectoria artística de Pablo Picasso e doutros artistas de vangarda, alén de coñecer a etapa coruñesa.
- Introducir conceptos clave da arte de vangarda que vai dominar o panorama artístico na primeira metade do século XX
- Abrir diversos vieiros creativos nas artes plásticas partindo da figura e a obra de Pablo Picasso.
- Estimular a creatividade do alumnado, animándoos a que gocen do mundo das artes, observando as obras dos grandes mestres e desenvolvendo a súa creatividade
- Descubrir diversas técnicas e procedementos artísticos utilizados polo artista na súa etapa coruñesa e máis adiante: debuxo, pintura, gravado, pintura mural, *collage*, modelado, ensamblaxe, etc.
- Atopar a inspiración nas creacións dun dos máis grandes artistas da arte contemporánea.
- Destacar o labor educativo do museo , como centro cultural que dá a coñecer e poñendo en valor a traxectoria e a obra dos artistas.

DESENVOLVEMENTO DA VISITA

A visita comeza cunha breve presentación de Picasso, mediante unha de preguntas que nos axudan a descubrir ao personaxe e tamén algunhas das razóns que o converten nun dos grandes artistas universais.

De seguido, pasamos a coñecer os motivos da instalación da familia Ruiz Picasso na Coruña e como era a súa vida na cidade: familia, escola, amigos, espazos urbanos... Unha morea de documentos (fotografías, planos, etc.) amósannos como era a Coruña de Picasso.

Durante o percorrido didáctico, veremos como foi o proceso a partir do cal o neno Picasso decidiu facerse artista, e observaremos moitas das súas primeiras obras de arte. Na exposición, o alumnado poderá gozar, de diferentes pezas de Picasso realizadas na Coruña, e tamén de varias obras posteriores que gardan relación co período coruñés. Ademais, contextualízase a exposición con outros cadros de artistas galegos contemporáneos e diversa documentación sobre o Picasso coruñés e a vida na cidade a finais do XIX.

As pombas, os touros, os xornais, a guerra, a paisaxe, os álbums, o amor, a morte, os retratos as caricaturas... Moitos dos elementos que configuran o universo artístico de Picasso están presentes nesta exposición que nos narra esta etapa crucial da vida do xenio malagueño.

Ademais, nunha etapa do percorrido, faremos un pequeno exercicio de debuxo, emulando ao Picasso neno, que tanta paixón sentía por representar todo o que o rodeaba.

BACHARELATO

PRESENTACIÓN

Picasso é unha das grandes figuras universais da historia da arte. Esta exposición achéganos a unha etapa crucial na súa vida, os anos que viviu na Coruña. Nos cadros e debuxos do Picasso coruñés, descubriremos moitas das claves da súa produción artística posterior, e moitas obras de xuventude que fan referencia á nosa cidade.

Por outra banda, a exposición preséntanos tamén unha perspectiva da Coruña do XIX, a través dunha serie de documentos históricos que nos permiten coñecer como era a vida urbana na Galicia da época, que forneceu de experiencias e inspiración a aquel rapaz malagueño que soñaba con ser artista.

Para o alumnado que cursa a materia de Historia da arte, é unha excelente oportunidade para coñecer máis polo miúdo a vida e obra dun dos grandes xenios da arte contemporánea.

CLAVES

- Pablo Picasso é un dos artistas máis importantes da historia, un dos principais protagonistas do gran cambio que se produciu no mundo das artes no século XX.
- Pablo Picasso viviu catro anos da súa nenez e xuventude na Coruña, dos 9 ao 13 anos (1891-1895). Esta etapa foi crucial na súa formación artística e humana, e deixou una importante pegada na súa obra posterior.
- A exposición preséntanos como era a vida cotiá na Coruña do século XIX e permítenos descubrir os profundos cambios acontecidos desde aquel tempo e tamén os elementos de continuidade e a configuración da cidade moderna.
- Na adolescencia, Picasso traballou arreo para facer realidade o seu soño. Tiña un gran talento, mais a motivación e o traballo foron os que lle axudaron a seguir a súa vocación e a acadar o éxito.

OBXECTIVOS

- Presentar ao alumnado de Bacharelato a etapa coruñesa de Pablo Picasso, un dos artistas máis importantes da historia da arte
- Subliñar a transcendencia que tivo na traxectoria artística de Picasso a súa etapa de formación na Coruña.
- Coñecer os debuxos e pinturas máis importantes e significativas da primeira etapa creativa de Picasso.
- Descubrir, a través dos documentos históricos que nos amosa a exposición, moitos dos aspectos sociais, económicos e culturais da Coruña e de Galicia a finais do século XIX.
- Animar ao alumnado a investigar sobre a figura e traxectoria artística de Pablo Picasso e doutros artistas de vangarda, alén de coñecer a etapa coruñesa.

- Introducir conceptos clave da arte de vangarda que vai dominar o panorama artístico na primeira metade do sec. XX
- Estimular a creatividade do alumnado, animándoos a que gocen do mundo das artes, observando as obras dos grandes mestres e desenvolvendo a súa creatividade
- Atopar a inspiración nas creacións dun dos máis grandes artistas da arte contemporánea.
- Destacar o labor educativo do museo , como centro cultural que dá a coñecer e poñendo en valor a traxectoria e a obra dos artistas.

DESENVOLVEMENTO DA VISITA

A visita comeza cunha breve presentación de Picasso, mediante unha de preguntas que nos axudan a descubrir ao personaxe e tamén algunhas das razóns que o converten nun dos grandes artistas universais.

De seguido, pasamos a coñecer os motivos da instalación da familia Ruiz Picasso na Coruña e como era a súa vida na cidade: familia, escola, amigos, espazos urbanos... Unha morea de documentos (fotografías, planos, etc.) amósannos como era a Coruña de Picasso.

Durante o percorrido didáctico, veremos como foi o proceso a partir do cal o neno Picasso decidiu facerse artista, e observaremos moitas das súas primeiras obras de arte. Na exposición, o alumnado poderá gozar de diferentes pezas de Picasso realizadas na Coruña, e tamén de varias obras posteriores que gardan relación co período coruñés. Ademais, contextualízase a exposición con outros cadros de artistas galegos contemporáneos e diversa documentación sobre o Picasso coruñés e a vida na cidade a finais do XIX.

As pombas, os touros, os xornais, a guerra, a paisaxe, os álbums, o amor, a morte, os retratos as caricaturas... Moitos dos elementos que configuran o universo artístico de Picasso están presentes nesta exposición que nos narra esta etapa crucial da vida do xenio malagueño.

Os educadores do museo adaptarán a visita para os alumnos e alumnas da materia de Historia da Arte que se imparte no segundo curso do bacharelato, afondando en conceptos clave das artes da vangarda e situando a figura de Pablo Picasso no seu contexto artístico.

UN PICASSO CORUÑÉS

Presentación:

A exposición O primeiro Picasso. A Coruña: 2015, pretende ensalzar unha das etapas senlleiras e ao mesmo tempo mais descoñecidas da súa formación. Estes cinco anos coruñeses representan a progresión desde o período inicático malagueño, ata a conformación dun xenio artístico do século XX. Resulta fundamental analizar as experiencias e ensinanzas colleitadas neses anos cruciais, para poder comprender dunha maneira máis profunda a repercusión que tivo a súa obra.

A través dos seus debuxos, óleos ou simples bosquejos iremos debullando cada recanto da súa etapa coruñesa. Os consellos e directrices dos primeiros mestres, como Isidoro Brocos ou José Ruiz Blasco, axúdanos a dominar a pintura dun xeito académico, aspecto fundamental para as súas posteriores investigacións nos diferentes modos de representar a realidade. Ramón Pérez Costales, unha das figuras máis sobranceiras do republicanismo coruñés, vaise erixir como o seu primeiro mecenas, o seu alento e apoio económico afoutan ao xoven Pablo nas súas arelas pictóricas. Tampouco se pode comprender a produción picassiana se non temos presente as súas relacións coas mulleres, e será aquí, na Coruña, onde coñecerá ao seu primeiro amor, Ángeles.

Por outra banda, Picasso tamén deberá enfrontarse á trágica morte da súa irmá Conchita, falecida en xaneiro de 1895 a causa da difteria, un dos episodios máis traumáticos da súa vida. A pesar da complicada situación no eido persoal, será por esas mesmas datas cando reciba eloxios da crítica despois da súa primeira exposición nun local da rúa Real. Ese contacto inicial co gran público e a boa acollida recibida representan o xermolo dunha traxectoria profesional chea de éxitos.

Os cadros fetiche da etapa coruñesa acompañarano alá onde vaia, como *A rapaza dos pés descalzos*, ou o retrato do *Doutor Ramón Pérez Costales*, que estiveron expostos nas casas que foi habitando ao longo da súa vida. Sempre lembrará con nostalgia e agarimo aquela cidade, lugar de nacemento dos seus alicerces estéticos.

CATRO GRANDES EIXOS ARTÍSTICOS

PICASSO NA CORUÑA Unha das aportacións senlleiras da exposición será a gran cantidade de obra recopilada da súa etapa coruñesa (1891-1895). A súa produción abrangue desde debuxos académicos, apuntamentos ou bosquejos de diversa natureza, ata aqueles óleos cos cales gozou do primeiro recoñecemento por parte da crítica.

PICASSO POSTERIOR A obra de Picasso na Coruña non se pode analizar dun xeito unitario, como se dun período illado se tratase. Moita da súa creatividade aquí reflectida terá unha fonda repercusión nos vindeiros anos. Por iso, resulta imprescindible establecer un paralelismo con obra posterior, e así dar boa conta da importancia duns cimentos artísticos que no seu paso por Coruña xa se foron xestando.

PINTORES GALEGOS O contexto artístico no que se vai mover Picasso é outro dos puntos fundamentais para analizar a súa obra. As ensinanzas dos seus mestres, como Isidoro Brocos, Román Navarro ou José Ruiz, e o estilo desenvolvido por cada un deles, veranse dalgún xeito implícitos nas creacións picassianas.

MATERIAL VARIADO A exposición tamén pretende recrear e ambientar a realidade social e política da Coruña a finais do século XIX. Así, para esta caracterización aportárase material de diversa índole: carteis, fotografías, xornais, libros, revistas, postais... todo aquilo que poida ter relación coa obra de Picasso desenvolvida naqueles anos.

A MOSTRA ESTARÁ ARTELLADA EN TORNO A OITO GRANDES TEMÁTICAS PICASSIANAS

AS CARICATURAS En 1894 Picasso xa amosa unha clara inclinación cara a caricatura, sen dúbida motivada pola gran profusión de ilustracións deste tipo que aparecen nos semanarios da época, como Blanco y Negro.

Unha boa mostra desta produción atópase nos libros de texto que utilizou no Instituto de Segunda Ensinanza. Son numerosas as ilustracións e anotacións marxinais, nas que fai algunhas caricaturas de personaxes da época como Sagasta ou Martínez Campos, ou debuxos burlescos e notas propias de escolares. Os seus pequenos xornais, *Azul y Blanco* e *La Coruña*, serán igualmente un espazo axeitado para desplegar todo o seu sarcasmo visual. Pola súa mordaz figuración irán pasando moitos dos personaxes destacados da sociedade coruñesa.

O DEBUXO ACADÉMICO A paixón de Picasso polo debuxo comeza xa nos albores da súa vida. Libros, cartóns ou follas soltas, calquera superficie era adecuada para plasmar o poder creador dos seus primeiros trazos. Co paso dos anos esas liñas que definen as súas figuras iranse facendo máis firmes e seguras, grazas especialmente ás ensinanzas recibidas.

O método de aprendizaxe impartido na Escola de Belas Artes establecía unha serie de pautas para ir acadando o dominio dunha técnica, que despois porá en práctica en distintos proxectos creativos. As asignaturas de *Figura e adorno* ou *Debuxo de figura* serán imprescindibles nesta formación. Por iso, a través dos seus debuxos académicos podemos analizar como Picasso foi adquirindo as diferentes destrezas para ser capaz de abordar unha representación fiel da realidade.

OS ANIMAIS Outro dos motivos moi empregados nas representacións picassianas dos primeiros anos, será o animalístico. Os touros, cabalos ou pombas serán un motivo ineludible tanto na etapa malagueña, como na súa traxectoria posterior, e o período coruñés non será unha excepción.

Son moi diversos os referentes que Picasso tomará como punto de partida á hora de tratar esta temática. A observación directa do natural nos seus paseos pola cidade, veranse sempre reflectidos nos debuxos e bosquejos. Por suposto, as corridas de touros, moi abondosas en Málaga, tamén estarán presentes na Coruña.

De todos xeitos, á marxe da realidade cotiá, a influencia dos seus mestres e demais artistas contemporáneos non lle pasará desapercibida. A comparación coas representacións de pombas levadas a cabo por seu pai, ou o dominio de Román Navarro nas composicións ecuestres son igualmente un modelo sempre presente.

OS XORNAIS O xermolo do Picasso escritor comeza na Coruña coa realización de pequenos xornais ilustrados por el mesmo (*La Coruña* e *Azul y Blanco*). Neles toma como modelos aqueloutros semanarios con máis sona na época, como o prestixioso *Blanco y Negro*.

Como se dun cronista se tratara, recollía o ambiente e os acontecementos da cidade, acompañados de observacións persoais. Eran constantes as alusións ás inclemencias do clima galego, aos seus estudos na Escola de Belas Artes e ás diversas incidencias da vida coruñesa. A sutil ironía que desprenden as ilustracións e textos evidencian a agudeza e o sentido do humor do xoven Pablo.

Este percorrido iniciático polo mundo do xornalismo prosegue nos vindeiros anos, pois será moi longa e proveitosa a relación de Picasso coas letras, a través de colaboración sen revistas, xornais ou diferentes publicacións ilustradas.

A PAISAXE A paisaxe é un xénero que vai xurdindo de xeito intermitente ao longo da súa traxectoria artística, pero que resulta un motivo esencial como porta de entrada á vangarda e ás súas experimentacións cubistas. Nos seus primeiros anos temos algún exemplo de vistas mariñas, como *O porto de Málaga*, moi influenciado pola xeración de pintores malagueños coñecida como “marinista”.

Non obstante, na Coruña Picasso encamiñase cara outros derroteiros na execución deste xénero. Por unha banda, adquire o dominio dos recursos técnicos grazas ás ensinanzas impartidas polos seus mestres, pero ao mesmo tempo, tamén se decantará polos apuntamentos tomados do natural en detrimento daquelas directrices impersoais adquiridas na Escola de Belas Artes. Nace así, un artista que asume as normas da Academia, mais deixa voar a imaxinación nos debuxos e representacións do mundo que lle rodea.

OS ÁLBUMES Do seu paso pola Coruña consérvanse dous álbumes de debuxos a lapis ou tinta, datados en 1894, onde predominan os apuntamentos de paisaxes, retratos, especialmente da súa familia, e figuras ou motivos diversos. Son cadernos de pequenas dimensións que podía levar sempre consigo e reflectir naquel preciso intre todo aquilo que vía ao seu redor. Neles amosa unha gran rapidez de execución e capacidade de simplificación, captando a cerna daquelas situacións.

As páxinas teñen cadansúa datación e sinatura, identificando os lugares representados, o cal supón o primeiro intento de Picasso por fixar o traballo nun espazo e nun tempo determinados. Tanto as vistas da Coruña, como os numerosos retratos costumistas, permitiránlle perpetuar a imaxe dunha cidade e das súas xentes que terá moi presente durante a súa vida.

O RETRATO O retrato é un dos temas dos que Picasso obtén máis rendemento na etapa coruñesa. A partir de 1894 leva a cabo un exhaustivo exercicio retratista que xira dun xeito especial en torno a súa familia. Porén, o marco iconográfico rebasa tamén o eido familiar, pois xentes da cidade son igualmente representadas en diversas actitudes, que manifestan os avances experimentados nesta disciplina durante a súa formación académica. Dentro desta mesma liña, son destacables os estudos que realiza a partir dun ancián barbudo, que aparece baixo diversas caracterizacións, exemplo do seu virtuosismo e dominio desta materia.

Non obstante, quizais a *Rapaza dos pés descalzos* sexa considerada a obra mestra deste período, que permite albiscar unha serie de trazos definitorios posteriormente desenvolvidos na súa pintura.

O COSTUMISMO A recreación costumista de Picasso durante estes anos abrangue practicamente todos os eidos de creación, desde os xornais, as caricaturas, ata as súas primeiras pinturas a óleo. A través da mirada escrutadora dun neno podemos caracterizar á perfección a vida cotiá da cidade, os diferentes tipos populares e a realidade social das súas xentes.

O álbum é un dos medios onde mellor reflicte a súa visión costumista. As paisaxes do seu entorno periférico máis próximo manteñen a esencia rural dunha arquitectura dispersa, rodeadas por múltiples camiños e corredoiras. Os retratos dos personaxes que as habitan completan unha escenografía de marcada vontade etnográfica.

Porén, o costumismo de Picasso adquire unha dimensión singular nos xornais, fornecendo os seus escritos e debuxos cun claro afán documentalista. Todos e cada un dos aspectos da súa vida que darán debidamente recollidos, segundo a súa particular percepción do mundo que lle rodea.

PABLO PICASSO. ETAPAS ARTÍSTICAS

BARCELONA, MADRID, PARÍS...

Entre 1895, cando toda a familia abandona A Coruña, e 1904, data do establecemento definitivo do artista en París, terán lugar diferentes cambios de residencia de Picasso e un paso máis na conformación dunha das figuras máis destacadas do século XX. Barcelona, París, Madrid ou Horta de Sant Joan serán testemuñas do seu desenvolvemento.

En setembro de 1895 seu pai obtivo unha cátedra na [Escola de Belas Artes de Barcelona](#), onde o xoven Pablo foi admitido como alumno e cursou estudos durante dous anos. Naquel tempo pintou os seus primeiros grandes lenzos académicos, como *A Primeira Comuñón* (1895) ou *Ciencia e Caridade* (1897).

Coa intención de completar os seus estudos, marcha a Madrid en 1897 para ingresar na [Academia de San Fernando](#). Alí pouco durará a súa estancia, e xa de volta en Barcelona, comeza a frecuentar [Els Quatre Gats](#), buque insignia da bohemia modernista e lugar no que realizou a súa primeira exposición individual.

Non obstante, a vida artística de Picasso precisaba un salto de calidade, que buscará en París, tratando de asentarse e darse a coñecer nesta cidade. A súa primeira visita será co seu amigo Casagemas en 1900 para asistir á [Exposición Universal](#), onde se exhibía unha obra súa, *Últimos momentos*. Varios intentos frustrados, especialmente por mor da precariedade económica, pospoñerán ata 1904 o seu asentamento definitivo na capital francesa.

PERÍODO AZUL

Coñécese como período azul a unha etapa pictórica de Picasso que transcorre entre [1901](#) e [1904](#), aproximadamente. O nome provén da cor predominante nos seus lenzos, e ten a súa orixe no suicidio de [Carlos Casagemas](#), que sumiu a Picasso nunha fonda tristura. Sensibilizado pola morte do seu amigo pintou un cadro titulado [A morte de Casagemas](#), que marca dunha maneira máis rotunda o seu paso cara o período azul.

Entre 1901 e 1904 realizou unha serie de obras nas que manifestaba a soidade dos personaxes illándoos nun entorno impreciso, cun uso case exclusivo do [azul](#), feito que practicamente carecía de precedentes na historia da arte. Mediante un debuxo ben definido preséntanos figuras distorsionadas, alongadas á maneira do Greco, plasmando temas cheos de melancolía e soidade.

PERÍODO ROSA

A abundosa utilización desta cor nas súas obras entre 1904 e 1906, dou nome a un dos períodos artísticos máis recoñecidos de Picasso. O comezo desta etapa coincide co seu establecemento en Montmartre, xunto a escritores e artistas da bohemia de París, e o inicio da relación con Fernande Olivier, quizais o seu primeiro amor verdadeiro. Deste xeito, o período azul da paso a unhas pinturas caracterizadas polos tons cálidos de liñas suaves e delicadas, e unha temática baseada no mundo circense. Non obstante, Picasso segue transmitindo a pobreza e unha certa tristura nos seus personaxes, mantendo a proporción alongada das figuras, que renovan a súa admiración polo Greco.

Ao mesmo tempo, certas obras desta etapa anticipan determinados trazos que o artista reflectirá nos vindeiros anos. Vai ser doado atopar corpos cunha marcada consistencia volumétrica, alonxada da estilización precedente. Unha das causas deste cambio estilístico será a súa viaxe a Holanda no verán de 1905, onde representa corpos femininos de formas máis rotundas. Unha tendencia que se acentúa no verán seguinte en Gòsol, engadindo ademais un cariz primitivista, rostros case pétreos, que xa denotan a reminiscencia á arte antiga.

SEÑORITAS DE AVIGNON

As Señoritas de Avignon, realizada en 1907 e exposta por primeira vez en 1916, supón un xiro radical no devir da arte occidental, ata chegar a se converter nunha icona do século XX. Picasso, afoutado polas súas ansias de competir con Matisse, cuxo pertixio ía en aumento, traballa intensamente nesta pintura, proba diso son os numerosos bosquejos e debuxos preparatorios conservados. Atopámonos ante unha obra enigmática, que racha por completo coa representación tradicional do espido e a perspectiva clásica, reducindo o cadro a un conxunto de planos angulares sen fondo nin profundidade.

Os rostros das cinco mulleres son froito dun proceso de simplificación das formas e dos trazos faciais, moi influenciados pola arte africana e a escultura ibérica que o artista coñeceu naquel tempo. As figuras e os espazos circundantes cobran o mesmo protagonismo, establecendo unha estrutura xeométrica. Por iso, a obra vaise erixir como precedente das vindeiras composicións cubistas, anticipando moitas das súas características básicas.

CUBISMO

O termo cubismo foi acuñado polo crítico francés Louis Vauxcelles, calificando de maneira peyorativa aquel tipo de pintura composto a base de “cubos”. Pablo Picasso, Juan Gris, Georges Braque e Fernand Lèger son considerados a cerna do grupo.

Con este movemento artístico desaparece por completo a perspectiva tradicional, para así plasmar as formas da natureza mediante figuras xeométricas. O cadro convértese nun espazo, no cal representar nun mesmo plano os diferentes puntos de vista dun obxecto. Trátase de descompoñer as figuras e distribuír as súas partes polo lenzo.

Picasso coñece a Braque en setembro de 1908, mais será a partir do ano seguinte cando a súa colaboración se fará máis estreita. Así, xuntos crearán as dúas tendencias principais do movemento: O Cubismo analítico (1909-1912) e o Cubismo sintético (1912-1914). O primeiro baséase nesa descomposición da realidade en múltiples elementos xeométricos, reducindo a gama cromática a grises e ocres. Pola contra, na segunda fase, xa se introducen caligrafías e elementos alleos á propia obra, pegando recortes de xornais ou papeis pintados, o que supón o desenvolvemento dos primeiros collages.

CLASICISMO

Unha serie de obras a partir de 1917 amosan a nova preocupación de Picasso polos modelos clásicos. Seguirá mantendo a súa liña de experimentación cubista, pero alternaranse con obras de corte máis realista. As razóns que moven a Picasso a botar unha ollada ao pasado poden ser moi variadas.

Por unha banda, comeza a súa relación coa bailarina rusa Olga Kokhlova, codeándose coas altas esferas da sociedade máis elitista, sectores máis afíns á arte tradicional e academicista. O remate da Primeira Guerra Mundial podería ser tamén un condicionante para voltar á orde establecida. A serenidade, a razón e a medida imperan de novo en Europa, perante a barbarie dos enfrontamentos armados. Outro factor sería, sen dúbida, a viaxe a Italia de 1917, na que coñece aos grandes mestres da arte clásica. Os frescos pompeianos ou renacentistas constituíron unha proveitosa fonte de inspiración para os seus deseños de escenografías dos grandes ballets da época.

De todas formas, o clasicismo imperante na obra de Picasso irá encamiñado cara outros derroteiros que se afastan do puramente académico. Tradición e modernidade conflúen nos seus lenzos, cun singular tratamento do corpo humano, ata configurar un estilo moi persoal,

SURREALISMO

Despois do matrimonio con Olga e o nacemento do seu primeiro fillo, Picasso disfrutaba dos praceres da vida familiar. Ademais, levaba unha vida social moi activa, alternando coa aristocracia e a intelectualidade de París. Non obstante, a partir de 1925 comezan a percibirse certos cambios. A súa obra, *A danza*, establece o inicio do período surrealista. Agora o corpo feminino vai experimentar un proceso de transformación grotesco, deformando a súa figura. Diferentes acontecementos un tanto desacougantes e unha relación con Olga máis tensa e irritante, fan emerxer a súa violencia emocional cara as mulleres.

Polo tanto, Andre Breton, pai fundador do Surrealismo, viu nos trazos irracionais desta etapa e noutras características da súa obra, indicadores suficientes para considerar a Picasso parte do seu grupo, aínda que nunca se unira oficialmente ao movemento.

O GUERNICA E A GUERRA

En 1937 Picasso recibe o encargo por parte do goberno da República dunha obra para formar parte do pavillón español na Exposición Universal de París dese mesmo ano. O tema seleccionado polo artista será o bombardeo de Guernica a mans da aviación alemana e italiana, acontecido o 26 de abril de 1937 durante a Guerra Civil española. Picasso sírvese de figuras que protagonizaran os seus lenzos en anos anteriores, como o touro, o cabalo ou a maternidade, e dos recursos cubistas, para construír unha alegoría do horror dos conflitos bélicos. Non hai heroes nin dignidade, soamente sufrimento e dor. O artista tivo coñecemento deste feito histórico pola prensa francesa, de aí que os brancos, negros e grises sexan as tonalidades predominantes, o cal axuda a reforzar o carácter trágico.

A pesar do motivo seleccionado, no cadro non hai referencia explícita ao devandito acontecemento bélico, nese sentido non ten un afán narrativo, máis ben simbólico. Non recoñecemos as casas arrasadas e incendiadas que apareceron aqueles días nos xornais. Porén, a desvinculación cunha localización identificable é o que lle outorga o seu cariz universal, ata converterse nunha das imaxes máis representativas do movemento antibelicista internacional.

A ALEGRÍA DE VIVIR

Tras o remate da Segunda Guerra Mundial, os cadros de Picasso vólvense máis optimistas. Hai un marcado cambio de mentalidade, como queda reflectido en *A alegría de vivir* de 1946. A costa azul francesa será o seu refuxio ata os derradeiros momentos da súa vida, onde atopará o acougo necesario para liberar a súa creatividade.

Algúns críticos apuntaban que Picasso remataba co *Guernica*, aínda que hoxe en día esta afirmación está completamente desbotada, e cada vez a súa etapa final é máis valorada. Nestes anos vemos un Picasso que recupera temas xa tratados con anterioridade, pero tamén experimenta con novos conceptos e técnicas, por exemplo, adentrándose no mundo da cerámica. O artista volve sobre cuestións que sempre lle tiveron preocupado, como a muller e o erotismo, mais tamén reflexiona sobre a condición da pintura na historia da arte, reinterpretando aos grandes mestres, Velázquez, Delacroix, Manet...

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

A exposición **O primeiro Picasso, A Coruña 2015**, ábrenos as portas para coñecer a etapa coruñesa de Pablo Picasso. Estas actividades para a aula que propoñemos, teñen como obxectivo fundamental complementar a visita ao museo, afondando na figura de Picasso e nestes anos cruciais que pasou na nosa cidade.

Ademais de descubrir esta etapa apaixonante de Picasso na Coruña, consideramos que é enriquecedor para o alumnado coñecer moitos máis aspectos da traxectoria vital e artística de Picasso. Pescudar e mergullarse no seu universo artístico. Neste sentido, creemos que a visita á exposición pode ser un gran punto de partida para introducir ao alumnado na arte de vangarda en xeral, e na obra de Picasso en particular.

A través desta proposta, formulamos unha serie de actividades para descubrir as outras facianas de Picasso, un artista cunha traxectoria abraiante, que nos ofrece moitas posibilidades de traballar desde as áreas de **Educación Artística e Coñecemento do Medio**.

Consideramos moi interesante que o alumnado faga unha **actividade previa de descuberta** que lle permita situar a Picasso no seu contexto e salientar a importancia que tivo na historia da arte. Unha vez realizada a visita, ábrese a posibilidade de traballar máis polo miúdo sobre a traxectoria vital e artística de Picasso, a través dunha serie de **actividades de procura de información e de creación plástica**.

Estas actividades aquí propostas son de carácter absolutamente voluntario. Queremos que sexan guías para que o profesorado as adapte seguindo os seus propios métodos e intereses na práctica docente. Todas actividades están orientadas ao currículo educativo, co fin de que o profesorado poida adaptalas á súa programación do curso.

ANTES DA VISITA

DESCUBRINDO A PICASSO

DESCUBRIR

Consideramos moi interesante que antes da visita o alumnado comprenda que Picasso é un dos grandes personaxes da historia da arte, e que con el –entre outros- produciuse unha gran mudanza no mundo da arte cuxas consecuencias chegan ata os nosos días.

Trátase tamén de motivalos e espertar a súa curiosidade, para que se acheguen con interese á figura de Picasso. O obxectivo é que a visita á exposición sexa máis interesante e significativa para o alumnado.

Propoñemos que o alumnado indague sobre Picasso, buscando información na rede a partir dunha serie de obras clave e feitos relevantes da súa vida.

1. Os diferentes escenarios de Picasso. Buscar na rede información sobre Málaga, A Coruña, Barcelona, París.

Fundación Casa Picasso (Málaga):<http://fundacionpicasso.malaga.eu/>

Museo Picasso Barcelona :<http://www.bcn.cat/museopicasso/es/>

. Picasso en Barcelona:

<http://www.bcn.cat/museupicasso/es/picasso/barcelona.html#estada>

2. Ver e comentar entre todos e todas pezas significativas de cada etapa de Picasso. É aconsellable que as preguntas sexan abertas, que estimulen a observación e que provoquen reaccións diversas nos alumnos.

. Obras importantes e moi diferentes das etapas artísticas de Picasso que o alumnado debe buscar na rede ou en diferentes publicacións:

Picasso coruñés: *Nena dos pés descalzos*.

Picasso Azul: *A celestina*.

Picasso Rosa: *Familia de saltinbanquis*.

Picasso Cubista: *Señoritas de Avinyó*.

Picasso e as mulleres: *retrato de Dora Maar*.

Picasso e a guerra: *Gernika*

Picasso e a Paz: *A pomba da paz*

Preguntas:

- Que opinades desta obra?
- Que sensacións vos produce?
- Que destacarías dela?
- Que está a pasar neste cadro?
- Como son as cores?
- Como son as formas?
- Que simbolizan os diferentes obxectos e partes do cadro?
- Que quería transmitir o artista a través desta obra?

DESPOIS DA VISITA

Propoñemos unha serie de actividades encamiñadas a afondar nos contidos da exposición e tamén a descubrir moitos máis aspectos da enorme figura artística que é Pablo Picasso. Son actividades que pretenden estimular a creatividade do alumnado, e a capacidade de observación e análise da obra de arte.

EN TORNO AO PICASSO CORUÑÉS

-INVESTIGAR

A CORUÑA DE PICASSO. Outro vteiro de investigación que se nos abre despois da visita á exposición é o contorno no que viviu Picasso nos seus catro anos coruñeses. Como era a cidade? Como era a xente que a habitaba? Que espazos daquela Coruña do século XIX consérvanse hoxe en día? Son aspectos que imos tratar durante a visita e que se poden traballar con posterioridade na aula, facendo pequenas investigacións para despois presentalas, a través de murais ou ben a través de plataformas dixitais.

- Escenarios que pintou Picasso na Coruña: Torre de Hércules, praia de Riazor...
- Edificios que coñeceu Picasso: Torre de Hércules, Instituto Eusebio da Guarda, casas do ensanche...
- Elementos da vida urbana moderna que tamén foron mudando ao longo do tempo: os transportes, os traballos e as fábricas (fábrica de tabacos), o porto, os paseos e xardíns, a praia...
- Personaxes que vivían na cidade naquela altura, como o doutor Pérez Costales.

OS DIFERENTES PICASSOS Proposta de investigación sobre Picasso. Buscamos diferentes aspectos da súa vida na rede e o presentamos a través de diferentes formatos (murais, presentacións dixitais, blogs, montaxes de vídeo, etc.)

- . ESCENARIOS DA SÚA VIDA: Picasso en Málaga, Picasso en Barcelona, Picasso en Francia (París e sur de Francia).
- . ETAPAS ARTÍSTICAS: Os inicios de Picasso, Picasso Cubista, Picasso Clásico, Picasso Surrealista...
- . UNHA OBRA MESTRA: O GERNIKA. A motivación e o contexto da obra, o seu significado, a traxectoria do cadro nos seus case 80 anos de vida. Outros artistas e outras obras que denuncian o horror das guerras.
- . OS COMPAÑEIROS DE PICASSO. Picasso pertence a un tempo e a mundo artístico no que agromaron grandes personalidades. Para comprender a Picasso é interesante coñecer a moitos deses artistas e intelectuais que se influían e formaban grupos. Esta confluencia foi fundamental no tempo das vangardas.

. PICASSO NO MUNDO. A obra de Picasso está espallada por todo o mundo. Os grandes museos mundiais posúen nas súas coleccións obras senlleiras que o artista malagueño creou ao longo da súa vida, e que chegaron aos mesmos por compras ou doazóns. Ademais, existen varios museos Picasso, dedicados en exclusiva ás súas pinturas, debuxos, gravados, esculturas e cerámica. Estes museos están nos lugares máis importantes nos que el viviu (Barcelona, París, Málaga...)

Propoñemos como actividade **buscar nas páxinas web dos principais museos dos diferentes países as pezas máis destacadas de Picasso na súa colección**. Buscar as seguintes pezas e facer unha ficha de cada unha delas, creando un álbum, indicando diferentes aspectos:

1. *Ciencia e caridade*, 1897 (Museo Picasso de Barcelona)

<http://www.bcn.cat/museupicasso/es/coleccion/mpb110-046.html>

2. *A celestina* (Museo Picasso de París)

[http://navigart.fr/picassoparis/#/artworks/search?page=0&filters=title:La+C%C3%A9lestine+\(La+femme+%C3%A0+la+taie\)&layout=grid](http://navigart.fr/picassoparis/#/artworks/search?page=0&filters=title:La+C%C3%A9lestine+(La+femme+%C3%A0+la+taie)&layout=grid)

3. *Familia de saltinbanquis* (National Gallery of art, Whashington)

<http://www.nga.gov/content/ngaweb/Collection/highlights/highlight46665.html>

4. *As señoritas de Avinyó* (Les deimoselles de Avignon, MOMA, Nova York)

http://www.moma.org/collection/object.php?object_id=79766

5. *O Aficionado* (L'Aficionado, Kunstmuseum, Basel)

[http://sammlungonline.kunstmuseumbasel.ch/eMuseumPlus?service=direct/1/ResultDetailView/result.inline.list.t1.collection_list.\\$TspTitleLink.link&sp=13&sp=Sartist&sp=SfilterDefinition&sp=0&sp=1&sp=1&sp=SdetailView&sp=32&sp=Sdetail&sp=0&sp=T&sp=0&sp=SdetailList&sp=0&sp=F&sp=Scollection&sp=l1279](http://sammlungonline.kunstmuseumbasel.ch/eMuseumPlus?service=direct/1/ResultDetailView/result.inline.list.t1.collection_list.$TspTitleLink.link&sp=13&sp=Sartist&sp=SfilterDefinition&sp=0&sp=1&sp=1&sp=SdetailView&sp=32&sp=Sdetail&sp=0&sp=T&sp=0&sp=SdetailList&sp=0&sp=F&sp=Scollection&sp=l1279)

6. *Pano para o ballet "Parade"* (Rideaupour le ballet "Parade", Centro Pompidou, París)

https://www.centrepompidou.fr/cpv/ressource.action?param.id=FR_R-788a505ecf1585b247dab23552dfdf¶m.idSource=FR_O-c2ce54bbbca65097af5ddb416d52517c

7. *Olga Kokhlova con mantilla* (Museo Picasso de Málaga)

<http://museopicassomalaga.org/obras.cfm?id=15>

8. *A muller do pelo loiro* (Woman with yellow hair, Museo Guggenheim, Nova York)

<http://www.guggenheim.org/new-york/collections/collection-online/artists/1290>

9. *Madre e neno* (Mother and child, Art institute of Chicago)

http://www.artic.edu/aic/collections/artwork/109275?search_no=6&index=6

10. *Muller chorando* (Weeping woman, TATE MODERN, Londres)

<http://www.tate.org.uk/art/artworks/picasso-weeping-woman-t05010>

11. *O Gernika* (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid)

<http://www.museoreinasofia.es/coleccion/obra/guernica>

OS XORNAIS DE PICASSO. Na exposición descubriremos os xornais que facía Picasso na Coruña, inspirados nos periódicos da época, nos que el mesmo escribía as novas e ilustraba cos seus debuxos. Estes maravillosos xornais de Picasso pódennos inspirar para realizar na aula, de xeito individual ou por agrupamentos, pequenos xornais que recollan noticias actuais. O alumnado deberá recoller as novas, redactalas e ilustralas, ben con debuxos, ou ben a través de fotografías. Ademais, deben redactar os titulares e os textos destas pequenas publicacións.

PICASSO, AS CORES E OS SENTIMENTOS. Partindo da observación de diferentes obras das etapas “azul” e “rosa” de Picasso, propoñemos que sexan os propios alumnos os que creen, a través de diferentes técnicas, obras nas que as cores expresen diferentes estados de ánimo.

As **cores frías** e as **cores cálidas** expresan diferentes estados de ánimo. As expresións das facianas dos personaxes retratados nos cadros das etapas azul e rosa reflicten tristura e abatemento, e tamén certa sensación de nostalgia. É interesante que o alumnado vexa e comente diferentes cadros das etapas e dialogar sobre as sensacións que nos transmiten, antes de afrontar unha creación de obras nas que as cores expresan estados de ánimo.

UNHA OLLADA CUBISTA Un dos grandes aportes de Picasso á arte de vangarda , xunto con outros artistas como Braque ou Juan Gris, é o cubismo. Partindo da etapa cubista de Picasso, propoñemos dúas actividades:

a/ O collage. É unha técnica moi presente nos cadros cubistas de Picasso. Propoñemos a creación dunha obra que mestura técnicas pictóricas e o *collage* mediante o pegado de anacos de recortes de prensa, revistas, papeis, etc.

b/ Fotografía con diferentes planos. Unha das claves da pintura cubista é a representación dos diferentes partes do obxecto nun mesmo plano. Esta actividade consiste en sacar fotografías dun mesmo obxecto ou dun mesmo rostro desde diferentes perspectivas , e despois recortar diferentes anacos desas fotografías para facer nun mesmo plano unha composición cubista. Por exemplo, unha cara na que un ollo estea de fronte, o outro de medio lado, o nariz de perfil...

AMIGOS E RIVAIS É interesantísima a relación de Picasso con Matisse. Ambos eran amigos e rivais. Admirábanse, influíanse, e tamén envexábanse o un ao outro. Explorando esta relación podemos traballar diferentes aspectos das obras de Picasso e Matisse, descubriendo así aos dous pioneiros da arte de vangarda, a través do traballo coas formas (cubismo) e as cores (fauvismo).

*“Nadie jamás ha mirado mi obra como Picasso, y nadie ha mirado la obra de Picasso como yo”
(Matisse)*

Propoñemos realizar un taller que consista na confección dunhas plantillas con formas sinxelas extraídas das obras de Matisse e de Picasso. Esas formas débúxanse nunha cartolina, e a continuación recórtanse baleirando o interior. Esas formas servirán logo para crear formas de cores nun mural.

FACIANAS Un dos xéneros importantes que abordou Pablo Picasso na súa obra é o retrato. Desde as súas primeiras obras da etapa coruñesa, soubo captar con mestría a expresión e a fondura psicolóxica dos personaxes retratados.

Seguindo unha serie de retratos, ademais, podemos ver os cambios que foi sufrindo a pintura de Picasso ao longo das diferentes décadas da súa fértil e dilatada carreira artística.

Propoñemos como actividade o visionado de diferentes retratos pintados por Picasso, para que, a continuación, os alumnos e alumnas retraten a uns dos seus compañeiros, inspirándose nos diferentes estilos de Picasso.

"Non me parezo en nada", exclamou la modelo. "Tranquila, co tempo acabarás por te parecer", contestou Picasso. [Gertrude Stein \(1906\)](#), de Pablo Picasso, obra do Metropolitan Museum de Nova York.

CON MOITA ARTE Ademais do debuxo e pintura ao óleo, Pablo Picasso experimentou con numerosas técnicas e disciplinas artísticas ao longo da súa vida. Dentro da pintura, destacamos como foi tamén pintor de murais e panos de escenarios para ballets. Ademais, foi escultor, traballando con diferentes materiais (barro, bronce) e facendo ensamblaxes. Outra das disciplinas que practicou foi a cerámica, a que se dedicou con paixón a partir da década dos anos 40.

Propoñemos tres actividades diferentes partindo das outras disciplinas artísticas que traballou Picasso:

a/ Pintura mural. Elaborar un mural que teña como motivo a paz.

b/ Obxectos encontrados. Crear unha escultura partindo de diversos obxectos "encontrados", que se poden ensamblar, ou ben unir e fotografar.

c/ taller de cerámica. Elaboración e pintura dun prato de barro, inspirado na obra cerámica de Picasso.

AS MENINAS DE PICASSO Unha das obras máis importantes da historia da pintura en España, [As meninas](#) de Velázquez, foi reinterpretada polo artista malagueño en 1957. Isto constitúe un exemplo de como moitos dos pintores modernos admiraron aos grandes mestres da historia da arte e se inspiraron en ocasións na súa obra.

Picasso ofrece unha [interpretación persoal](#) do cadro, a través dunha serie de pinturas preparatorias e unha obra definitiva. Estas pezas permítenos comparar a obra de dous grandes xenios da pintura, cada un dunha época diferente e cun estilo propio.

A través da observación das dúas obras e da reflexión, podemos entender moi ben as grandes mudanzas que se produciron no mundo da arte coas vangardas, e como Picasso foi un dos grandes protagonistas deste cambio.

Propoñemos como actividade observar na aula con detemento as dúas obras e comentar diferentes aspectos:

A/ A cor e a luz

B/ A perspectiva e o cubismo

C/ Realismo e interpretación persoal da realidade

D/ elementos e personaxes do cadro. Que cambia e que se mantén.

Despois da observación das pezas, o alumnado deberá crear a súa propia versión das *Meninas*, utilizando diferentes técnicas, e convertendo aos personaxes do cadro en xente do noso tempo.

A PAZ E A GUERRA Unha das obras emblemáticas de Picasso é o [Guernica](#), pintada no contexto da guerra civil española, e que representa una das máis brillantes críticas á barbarie da guerra e á violencia desde o mundo da arte.

Ademais, as pombas que desde neno pintaba Picasso xunto ao seu pai, convertíronse co paso do tempo nunha icona universal da paz.

O gran formato do *Guernica*, e tamén os [murais de Valluris](#) que teñen como protagonista á pomba da paz, abren a posibilidade de traballar as creación pola paz, en inspirándonos na obra de Picasso, a través dun mural colectivo.